

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL 2022

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2022 cun importe equilibrado que ascende a 7.359.773,88 euros, no Estado de Ingresos e no Estado de Gastos, acompañado desta Memoria na que se explican as modificacións máis esenciais que foron introducidas respecto do orzamento do exercicio anterior.

O Orzamento do Concello de Ponte deume constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio e require antes da súa elaboración realizar unha análise axeitada da realidade sobre a que se proxecta para partir, así, dun diagnóstico correcto e poder acadar os obxectivos que se pretenden; polo tanto, debe terse en conta a crise económica e o seu impacto para poder elaborar uns orzamentos axustados á realidade, seguindo un criterio de prudencia e coa finalidade de manter unha economía municipal, na medida do posible, saneada.

E isto coa finalidade de seguir dando cumprimento aos prazos e prelación de pagamento a provedores e ao principio fundamental de eficacia na xestión dos recursos públicos, sen prexuízo das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia que estamos a vivir e que supuxo nos anos 2020 e 2021 a necesidade de modificar determinadas políticas de gasto e priorizar moitas labores de desinfeccións, adquisicións de equipos de protección individual, adecuación dos espazos de traballo ás recomendacións das autoridades sanitarias e a paralización ou suspensión de moitas actividades de ocio, culturais, deportivas ou relacionadas co turismo, destinando recursos previstos para elas a loitar contra a dita pandemia.

Así, o orzamento municipal deste Concello para o exercicio 2022 se configura como a previsión de gastos e estimación de ingresos previstos para cubrir os ditos gastos, atendendo a que se prevé que cando menos a primeira metade do ano 2022 se manteñan algunhas das restricións previstas para evitar ao máximo a propagación do virus, coa consecuente limitación nas posibilidades de realización de certas actividades, razón pola que este Concello, sen renunciar á realización dun esforzo inversor e de retomar moitas actividades culturais, deportivas e de lecer, mantén previsión de destinar recursos destinados a combatir a dita pandemia, non unicamente en tema de proteccións e sinalizacións de cara a manter a necesaria distancia de seguridade senón tamén en limpezas e desinfeccións en edificios e rúas.

Entrando nunha pequena análise do proxecto de orzamentos que se presenta para a súa aprobación, tanto na súa vertente de gastos como de ingresos, estes confeccionáronse tendo en conta:

- As previsións de dereitos a liquidar neste exercicio 2021 vista tamén a liquidación do exercicio 2020 e de acordo coa última remisión de información trimestral enviada ao Ministerio (a correspondente ao terceiro trimestre de 2021) sen prexuízo da suspensión das regras fiscais
- Os compromisos de achegas doutras administracións públicas, institucións e empresas.
- A valoración do cadro de persoal, co previsible incremento de retribucións de acordo co proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2022.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Os compromisos adquiridos con terceiros, derivados de contratos, convenios, pactos ou acordos.
- A contificación das necesidades de bens correntes e servizos.
- A valoración da débeda municipal.

Hai que ter en conta a **suspensión das regras fiscais**, acordada polo Consello de Ministros de 6/10/2020 e a súa convalidación polo Congreso dos Diputados (por maioría absoluta), respecto da suspensión dos obxectivos de febreiro de 2020 e das regras fiscais **para 2020-2021**, adoptado o 20/10/2020 apreciando que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión delas; e **para o ano 2022**, adoptouse novo acordo por maioría absoluta do Congreso dos Diputados, que por acordo de 13 de setembro avalou manter en suspenso a aplicación do Pacto de Estabilidade, sendo publicado no Boletín oficial das Cortes xerais o 22/09/2021.

O Orzamento Xeral está equilibrado en gastos e ingresos, sendo o seu importe de 7.359.773,88 euros. Como pode observarse, o orzamento inicial se incrementa con respecto ao do ano 2021 (que era de 7.171.475,61 euros nos seus créditos iniciais), debidamente correlativo coas previsións de ingresos que financian a dita suba, calculadas de forma prudente, como nos últimos anos.

Polo que se refire ás principais diferenzas **no estado de gastos**, cómpre dicir, respecto do **capítulo 2**, que se incrementa un 2,99% con respecto ás previsións iniciais do orzamento de 2021, fundamentalmente na área de gasto de servizos públicos básicos; a ampliación e mellora de moitos dos servizos que se prestan e a realización de investimentos municipais (que conleva a necesidade de mantelos posteriormente), implica en determinados casos un incremento dos gastos correntes, razón pola que se vén incrementados na contía total de 98.815,75 euros, se ben neste ano 2022 se prevé licitar varios contratos, o que poderá supoñer economías que redundarán nunha mellora na prestación dos contratos tamén.

Igualmente neste exercicio se fai un importante esforzo por dotar maiores recursos a programas sociais, fundamentalmente para atender á licitación prevista dun novo contrato de axuda no fogar-dependencia (delegada a súa tramitación na Deputación Provincial por acordo do Pleno do Concello adoptado o 29/04/2021), o que non foi posible realizar en 2020 nin en 2021 por toda a carga de traballo que supuxo para os servizos administrativos todos os expedientes, normativa e adaptación ás esixencias derivadas da pandemia e dítadas por outras administracións así como expedientes propios de axudas para paliar os seus efectos. Sobre isto indicar que xa no orzamento do ano 2020 os recursos destinados a protección e promoción social se tiñan incrementado con respecto ao orzamento de 2019 nun 10,23%, incrementándose para o ano 2021 en case un 3% máis, e para o ano 2022 noutro 3,54%.

Atendendo ao gasto municipal por áreas de gasto, debe sinalarse que do importe total do orzamento do Concello se destina en total a actuacións de protección e promoción social a contía de 1.500.896,02 euros, sendo a segunda área de gasto de maior importe (estando unicamente maior dotada orzamentariamente a relativa á servizos públicos básicos, con 2.949.224,18 euros – onde se recollen os servizos de seguridade e mobilidade cidadá; vivenda e urbanismo; benestar comunitario e medio ambiente, coa prestación de servizos tan importantes como a recollida e tratamento de RSU, limpeza viaria, mantemento de alumeadado público, o propio alumeadado público, parques e xardíns, saneamento e abastecemento de auga, etc).



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Polo que se refire a liñas de subvencións, e tendo en conta que neste ano 2021 houbo suspensión de actividades, confinamentos, restriccións de aforos, etc, neste proxecto de orzamento para o exercicio 2022, se prevé continuar coas liñas de axudas para actividades deportivas, culturais e de educación, así como de comercio, ademáis de incorporar unha nova liña de conciliación de familias. O importe total do **capítulo 4** no ano 2022 ascende a 445.016,08 euros, incluíndo tamén as achegas necesarias para satisfacer convenios asinados por este Concello (como o transporte metropolitano, obradoiros con outros concellos, xantar na casa), cuotas á FEMP e á FEGAMP, asignación aos grupos políticos, etc.

Cómpre recordar que no orzamento do ano 2021 a contía destinada ao dito capítulo 4 (de transferencias correntes) supuxo un incremento con respecto ao orzamento de 2020 dun 21,04%, sendo a contía orzamentada nos seus créditos iniciais de 444.818,30 euros.

Con respecto ao **capítulo 6**, investimentos, debe sinalarse que no ano 2021 se realizou un importante esforzo inversor, incrementándose porcentualmente nun 167,99% con respecto ao orzamento do ano 2020, pasando de 162.782,66 euros nese ano a 436.246,30 euros en 2021; e isto sen prexuízo da utilización do Remanente de tesourería derivado da liquidación do exercicio 2020 para financiar investimentos neste ano 2021, sendo que na data de sinatura desta memoria os créditos definitivos do capítulo 6 no orzamento de 2021 ascenden a 4.118.501,19 euros.

No proxecto de orzamentos para o ano 2022 os créditos iniciais ascenden á contía de 395.434,35 euros, sendo o importe de recursos propios destinados a eles de 232.825,05 euros.

Das obras que se van acometer, recollidas pormenorizadamente no anexo de investimentos, poden subliñarse a de varios aparcamentos así como un tractor ou un vehículo para a recollida de residuos sólidos urbanos.

Faise constar tamén que ademáis das obras orzamentadas nos créditos iniciais do orzamento 2022 hai moitas obras neste exercicio 2021 en proceso de licitación ou execución, cuxos créditos serán obxecto de incorporación ao orzamento do exercicio 2022.

Non se orzamenta contía ningunha no **capítulo 9** (amortización de débedas) pola concesión de prórroga nos prazos de amortización dos préstamos incluídos nos distintos Plans provinciais da Deputación Provincial (carentes de pagamento de xuros), como se recolle pormenorizadamente no Anexo da Débeda que se inclúe na documentación do expediente de orzamento para 2022, sendo que este Concello non ten concertado préstamo ningún con entidades financeiras.

Finalmente indicar que a dotación do **capítulo 1**, relativo ao persoal, recolle a suba prevista na Lei de orzamentos xerais do Estado que está en tramitación, sen prexuízo da dotación de todas as prazas existentes na Relación de postos de traballo do Concello, sendo que moitos deles continúan vacantes debido ás restriccións para a oferta de emprego público limitada pola taxa de reposición de efectivos.

Polo que se refire ás principais diferenzas **no estado de ingresos**, veñen recollidas fundamentalmente nos capítulos 1 e 7, manténdose igual previsión no capítulo 8, realizándose as previsións con criterios de prudencia, como en anos anteriores, atendendo a previsión de liquidación do exercicio 2021, padróns fiscais, ordenanzas reguladoras, previsión de subvencións, etc.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Polo que se refire ao **capítulo 1**, se incrementa en 134.567,62 euros con respecto ao orzamentado en 2021 nos créditos iniciais, se ben a dita suba está fundamentada en atención aos padróns fiscais así como á maior recadación da prevista na execución do orzamento deste ano 2021, polo que coma sempre tivéronse en conta criterios de prudencia á hora de orzamentar os ingresos municipais; igual ca no **capítulo 2** (relativo ao imposto sobre construcións, instalacións e obras), atendendo á mellora na xestión de determinados expedientes realizándose maior control das autoliquidacións practicadas.

No **capítulo 3** se minoran os ingresos previstos en 130.651,57 euros en atención á recadación deste ano 2021, e á previsión de liquidación.

No **capítulo 4** o incremento previsto é de 195.944,58 euros, debido en gran parte á previsión de suba dun 13% nos ingresos de participación en tributos do Estado e dun 3,3% nos ingresos do Fondo de cooperación local da Xunta de Galicia e a previsión de creación dun Fondo adicional.

O **capítulo 7** recolle unha minoración debido ao menor financiamento previsto nas obras do POS+2022 ao destinar maior contía a financiar o gasto corrente, sendo o importe previsto da achega provincial de 152.609,30 euros para financiar investimentos (tamén orzamentadas no capítulo 6 de gastos, sendo a achega municipal no dito capítulo de 232.825,05 euros).

Finalmente cómpre sinalar que apenas se modifican as bases de execución con respecto ás do orzamento de 2021, **unicamente se modifica en parte a redación do relativo aos contratos menores** para facilitar unha mellor tramitación deles.

CONCLUSIÓN:

Unha vez analizado o Orzamento do Concello de Ponte deume para o ano 2022, prevendo manter saneada economía municipal e cumprir as normas sobre estabilidade orzamentaria, períodos medios de pagamento e normativa económica en xeral, é vontade deste goberno seguir dando cumprimento a todo iso sen realizar unha suba de impostos e mantendo, mellorando e incrementando na medida do posible os servizos municipais que se veñen prestando, na senda xa iniciada na anterior lexislatura, sen prexuízo da suspensión das regras fiscais pola excepcionalidade da situación actual derivada do COVID-19.

Asinado dixitalmente polo alcalde, Bernardo Fernández Piñeiro

